

120 anos do 1º de maio

Introdución

Este ano saímos á rua pola vez número 120 desde que se celebrou a primeira folga e manifestación a favor das 8 horas, aló por 1890. Saímos todos os anos, moitas veces na clandestinidade, perseguidos, prohibidos, detidos, encarcerados, e outras abertamente e con pouca policía rodeándonos, pero sempre coa mesma intención de facer oír a nosa voz.

Tamén neste ano, con 212 millóns de parados no mundo, 4 deles no estado español, das propostas de xubilación aos 67, do despido aínda máis «flexible», do fin do que eles chaman a «gratuidade» da sanidade (esa que pagamos cos nosos impostos e que agora queren que pagueamos por segunda vez), o ano no que nos queren convencer de que a culpa da crise é dalgún xeito nosa e de que «todos» debemos «arrimalo ombro» para solucionala.

Mentres estas cousas ocorren no noso país, non está de máis recordar a orixe de por que saímos á rua neste día que tanta xente considera unha «festa».

A orixe

- Os sindicatos dos EEUU proclaman en 1884 a loita polas oito

horas de traballo, coa intención de que esta reivindicación fose efectiva a partir do 1 de maio de 1886. Entre estas dúas datas, perto dun millón de traballadores dos EE.UU. consiguen as oito horas.

- Os patronos de Chicago negan-se a conceder as oito horas, polo que se proclama a folga xeral na cidade o 1 de maio de 1886, ao tempo que se organizan grandes manifestacións en moitas cidades dos Estados Unidos. A manifestación de Chicago, organizada polos anarquistas (entre eles Albert Parsons, fundador da AIT (Asociación Internacional dos Traballadores), convoca a 80.000 persoas. A folga afecta a uns 40.000 obreiros e obreiras na cidade.

- O 3 de maio, nun enfrontamento entre esquiros e traballadores en folga á entrada dunha fábrica, a policía acribilla aos folguistas, matando entre dous e seis obreiros. Non se sabe a cifra exacta porque os obreiros ocultan mortos e feridos por medo ás repre-

salias.

- O 4 de maio de 1886 celebra-se un mítin anarquista na praza de Haymarket (Chicago) en apoio das reivindicacións obreiras e en protesta pola matanza do día anterior, que conta coa asistencia dunhas 15.000 persoas. A punto de rematar o mítin, que fora completamente pacífico até ese momento, a policía comeza a cargar para disolve-lo (e hai quen di que tamén a disparar) e alguén bota unha bomba que mata a un policía. Os policías seguen a dis-

parar e o resultado final son 8 policías mortos e uns 60 policías feridos, a maioría por fogo deles mesmos, xa que era noite e moi poucos obreiros tiñan armas. O número de mortos e feridos entre os obreiros é descoñecido, aínda que se sabe dun mínimo de 4, e hai cálculos moi variados de entre 50 a 100 mortos. As fontes da época concordan que o número de civís feridos foi

Segue na páxina 2



Manifestación do 1º de maio de 1890 en Barcelona. Gravado a partir dunha fotografía. Publicado en La Ilustración Española y Americana o 8/5/1890



Estoloarreglamosen trequen?

Cunha desfachatez que chega ao esperpento presenta o Ente Que Nos Governa a súa campaña *Estoloarreglamosen todos.org*.

Non abundaba con que nos fixesen sentir culpables por non pechar ben o billa, tira-lo lixo ó contenedor que non é, mercar electrodomésticos pouco ecolóxicos e levar roupa da feira. Agora resulta que as rendas para arranxar a situación crítica na que misteriosamente nos atopamos témolas *todos*.

Se isto é así, o máis lóxico é pensar que para desfacer o entuerto entre o abstracto *todos*, imos *todos* a colectivizar as empresas, empezando polas fábricas, os cen-

tros comerciais, os cines onde exhiben lixo, os bancos que cobran comisións abusivas, RTVE... Ah, ¿que non se refiren a ese *todos*?

Para despexa-la incógnita comecemos definindo conceptos. O abstracto *isto* significa *choio*, termo amplo que explicaremos máis adiante. *Arranxamos* quere dicir suba do IVA, xubilación ós 67, despido libre, contratos sen dereito a paro, ou o que é o mesmo, significa *mantemos*. *Entre* quere dicir *a costa de* (con tanta frecuencia que a RAE debería prantexalo). Cando di *todos*, se refire á gran masa sen nome que ten a hipoteca a 50 anos, que remata de paga-lo coche cando xa

está caendo a cachos, que compra sempre nas rebaixas, que ten contratos dun par de meseciños; que somos en definitiva *os pringados*. Entón resplandece en toda o seu desnudez o verdadeiro significado da campaña: *o choio mantémolo a costa dos pringados*.

Na súa busca de prea para perpetrar este engano, os empresarios amigos do Goberno urdidores da trama non dubidaron en intercalar na batería de testemuñas, algúns de indubitable *tirón* mediático (caras televisivas e seudofamosos que, se algún problema teñen, dende logo non é económico), nin en

Segue na páxina 2

212 millóns en paro

Hai 212 millóns de persoas sen emprego no mundo, según a Organización Internacional do Traballo (divulgado en 26 de Xaneiro), sobre dados do ano pasado. Trata-se dun máximo histórico (considerando dados da pasada década). No Estado Espa-

ñol, perto de 4 millóns de traballadores e traballadoras están en paro. Esta é, por número e porcentaxe da provocación, a cifra máis elevada de Europa, sendo superada só por un par de países do leste de Europa.

Novo Sindicato no Porto (Portugal)

Constituíu-se o Sindicato de Oficios Vários da AIT-SP (Asociación Internacional de Traballadores - Sección Portuguesa) no Porto. A partir do núcleo xa existente da Sección Portuguesa no Porto foi finalmente constituído o Sindicato, que servirá de ponto de referencia aos compañeiros e

compañeiras galegos que traballan no norte de Portugal. Os compañeiros portugueses seguirán a usar o local de Terra Viva, moi perto do centro do Porto, xa que se situa na zona da Torre dos Clérigos. Desexamos-lles unha boa e fructífera andaina.

Terra Viva!

Rua dos Caldeiros, 213 - A Cordoaria
(Aberto xoves das 19 ás 22h)
Correo-e: sovaitporto@gmail.com
Web: <http://ait-sp.blogspot.com>

Centos de topmanteiros, ó cárcere

Perto de 70 persoas, na maioría subsaharianos e magrebíes, están encarcerados nas prisións do Estado, e varios centos están pendentes de xuízo e correspondente condeas ó cárcere, por facer «topmanta», a venda de produtos falsificados a baixo prezo. Facer «topmanta» está castigado con penas de 6 meses a 2 anos de cadea, multa e indemnizacións á SGAE (Sociedade Xeral de Autores) ou a quen teña a «propiedade intelectual» das obras falsificadas.

As condeas de prisión poden-se cambiar por expulsión e prohibición de entrada até 10 anos no chamado «territorio Schengen» (basicamente, os países ricos e os aspirantes a se-lo, coma por exemplo nós). Se a multa non se paga, cambia-se por máis cadea, cun mínimo de seis meses máis. Se hai reincidencia, a entrada no cárcere aplica-se calquera que sexa a condeas.

Segue na páxina 2

Congreso de Esperanto en Compostela

Do 2 ao 5 de xullo deste ano terá lugar en Santiago de Compostela o 69 Congreso da Asociación Española de Esperanto (Hispana Esperanto-Asocio), con asistentes procedentes de toda a península ibérica, Europa e, por suposto, Galicia. Os actos, actividades e concertos terán lugar na Aula Sociocultural de Caixa Galicia.

Esta pode ser unha boa oportunidade para que os traballado-

res e traballadoras galegos recuperen o interese pola lingua internacional Esperanto, criada en 1886 coa intención de convertirse nunha lingua de comunicación internacional para toda a humanidade, baixo o lema «cada un coa súa lingua e unha lingua para todos». Todas as asociacións obreiras fomentaron o Esperanto, entre elas a CNT desde o seu inicio. O papel de lingua interna-

Segue na páxina 2

120 anos do 1º de maio



moi superior ao de policías.

- Os anarquistas organizadores do mítin son acusados da bomba que matou ao primeiro policía e, nunha paródia de xuízo, oito persoas son condeadas a morte, sendo executados na forca 4 delas (o 11 de novembro 1887), mentres a tres se lles commuta por cadea a perpetuidade e outro suicida-se o día anterior. As condeas non se produciron con provas (non había ningunha), se non que se lles acusou de conspiración e de ser responsábeis morais do atentado e do ambiente de violencia que o precediu. Todos os periódicos burgueses desatan unha fortísima campaña a favor das condeas, considerando os anarquistas como obsesos asasinados. Diferentes fontes apuntan como posíbeis responsábeis da bomba a varios anarquistas (un

deles sería un posíbel axente infiltrado), un obreiro non afiliado irritado contra a policía e, finalmente, a Axencia de Detectives Pinkerton, especializada na protección dos patronos afectados pola folga. Houbo un par de autoinculcados, que non foron tomados en serio. En todo caso, todos os historiadores concordan en que os condeados non tiveron nunca relación ningunha coa bomba ou a matanza posterior, nen coas mortes (todas de obreiros) do día anterior, e mesmo no xuízo se abandonaron rapidamente os débiles intentos de buscar-lles algunha conexión directa co atentado.

- A represión contra o movemento obreiro alcanza a todos os Estados Unidos, desfecendo boa parte das conquistas polas oito horas feitas até ese momento.

- En 1888 os sindicatos americanos lanzan a campaña polas oito horas, e propoñen como data para comezar a folga xeral o 1 de maio de 1890. Ademais, solicitan aos sindicatos e partidos de esquerda europeos que apoiem a reivindicación. A Segunda Internacional Socialista, reunida en París, proclama o primeiro de maio de 1890 como día internacional de loita polas oito horas, en memoria dos «Mártires de Chicago». Os sindicatos anarquistas, que xa se solidarizaran masivamente a favor das folgas de 1886 e dos represaliados en Chicago, apoian a medida.

Estoloarreglamos-entrequen?

arrincar entrevistas mediante enganos. Son os casos de Jeromo Augado, presidente da Plataforma Rural, a quen dixeron que se trataba dunha campaña da Cámara de Comercio acerca de iniciativas sociais ou empresariais interesantes; a agricultora ecolóxica Beatriz Fadón, quen só soubo o nome da productora audiovisual; ou Antonio García Allut, promotor de reservas de pesca autoxestionadas e sostibles. Non sabían quen estaba detrás nin o propósito da campaña. Nos tres casos abusaron da súa confianza e por tanto solicitaron a posteriori quedar fóra do invento.

¿En que consiste o *choio*? Basicamente, trátase de seguir aportando unha enorme cantidade de diñeiro público aos gastos da clase política e outras transaccións escuras do Ente Que Nos Governa. Tamén se trata de manter o sistema de empréstitos e endebedamento que nos ten encadeados ós bancos porque a nosa casa, os nosos fillos, o noso coche, penden dun delgado fío de intereses que baila caprichosamente ó compás do vento bursátil.

Como ben explica Daniel Montero en 'La Casta. El increíble chollo de ser político' (reseña en cnt nº 365), hai milleiros de persoas neste país xogando a selos nosos representantes que cobran dietas escandalosas, viaxan en transportes de luxo, levan contas que non están auditadas e dan concesións públicas a empresas privadas sen ningún tipo de supervisión. Iso si, a eles Facenda só lles retén un 4,5% e como premio levan un soldo vitalicio. Están repartidos nun reino de taifas composto de partidos, fundacións, consorcios, axencias e outros pomposos nomes ata un total de dúas mil sociedades sen control nin fiscalización, que xestionan o 30% do orzamento público.

¿A quen lle sorprende agora esta campaña? Pídenos un esforzo máis, que sigamos soporlando sobre os ombros o peso desta pirámide invertida cargada de abusos, mentiras e prepotencia. Non se dan conta de que a avaricia rompe o saco, e que a lama que agora pisan e desprezan pódese erguer un día e somerxe-los nas súas profundidades.

(Tirado do periódico CNT nº 366, abril 2010, páxina 3)

- O primeiro Primeiro de Maio ten lugar en 1890. Celebra-se na maioría das cidades europeas e dos EEUU, e en algúns lugares de Sudamérica, por exemplo na Habana. Ali onde se celebrou, a asistencia foi masiva, e todos os medios de comunicación da época destacaron as manifestacións e folgas. Na península ibérica convoca-se en Barcelona (polos anarcosindicalistas) e Madrid (polos socialistas). A reivindicación central, por suposto, foron as oito horas de traballo máximo diário.

- Debido ao enorme éxito das protestas de 1890, declara-se o 1º de maio día de folga internacional polas oito horas con carácter

permanente.

- En 1893 os «Mártires de Chicago» son oficialmente declarados inocentes, e os últimos encarcerados son liberados.

-Desde principios do século XX moitos países declaran o 1º de maio festivo para evitar as folgas que acompañan sempre esta data. En España, entre 1936 e 1977 o primeiro de maio é a festividade de «San José Obrero»...



Ilustracións:

Páxina 1. Arriba á esquerda: 1. cartaz chamando ao mítin de Haymarket o 4 de maio. 2. Execución dos condeados no pátio do cárcere. Frank Leslie's Illustrated Newspaper, Nova Iorque, 19/11/1887 3. A explosión da bomba en Haymarket. Pintura da época, fotografada en 1887.

Páxina 2. Arriba á esquerda: 1. Fotos dos Mártires de Chicago 2. 1 de maio 1919 en Madrid. Detención dun manifestante. Á dereita: 1. Manifestación de 1 de maio 1936, Vigo. 2. Os obreiros do metro de París revindican as 8 horas en marzo 1913.

Solidariedade Obreira

Solidariedade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza. Dep. Legal: C-984-2006 Compostela, Maio 2010

Enderezos da CNT na Galiza

Comité da Rexional Galáica

cr@cntgaliza.org www.cntgaliza.org Blog hostelería e comercio: <http://cnthosteleria.blogspot.com/> Blog Sección TVE Galicia: <http://cntrtvegalicia.blogspot.com/>

A Coruña

Rua Washington, 36, baixo 15002 A CORUÑA Tel/Fax: 981 90 40 44 Correo Electrónico: corunha@cntgaliza.org Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUNA

Compostela

R/ Garcia Prieto, 24-28 15706 COMPOSTELA (A CORUÑA) Tel: 981 590 910 Fax: 981 534 256 Correo Electrónico: compostela@cntgaliza.org Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.)

Vigo

R/ Príncipe, 22, 1º Local 34 36202 VIGO (PONTEVEDRA) Tel. e Fax: 886 116 558 Correo Electrónico: sov@vigo.cnt-ait.es

Lugo

R/ Ramiro Rueda, 15, Entrechán Dta. 27002 LUGO Tel: 650 269 807 lugo@cntgaliza.org Blog: <http://cntlugo.blogspot.com/>

Pontevedra

R/ Pasertería, 1 (Edif. dos Sindicatos), 3º andar 36002 PONTEVEDRA Tel: 607 511 678 pontevedra@cntgaliza.org Blog Sección sindical Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra: <http://centunivigo.blogspot.com/>

Betanzos

Rúa San Francisco 40-1º 15300 BETANZOS Apdo 95 15300 BETANZOS (A Coruña) betanzos@cntgaliza.org Blog: <http://cntbetanzos.blogspot.com/>

Ferrol

Avenida de Esteiro, 10, baixo 15401 FERROL (A CORUÑA) Correspondencia: Apdo 147 15401 FERROL (A CORUÑA) ferrol@cntgaliza.org



Centos de topmanteiros, ó cárcere

Esta situación foi denunciada desde moitas instancias (o diário El País, asociacións de advogados, colectivos de defensa dos dereitos humanos e practicamente todos os sindicatos) polo desproporcionado do castigo, porque os afectados non teñen capacidade de defensa, xa que son inmigrantes que só buscan gañar a vida como mellor poden, e, finalmente, porque fomenta a delincuencia.

Efectivamente, é máis rendible «trapichear» con droga desde o punto de vista penal, xa que hai máis dificultade para a detención dos pequenos traficantes e máis posibilidades de condeas «suaves» que coa lei contra o «top manta», xa que esta non deixa a un xuíz máis opción que a de non aplicala (ou sexa, de desobedece-la conscientemente) para non enviar ao cárcere a unha persoa que non encaixa en ningún perfil de delincente coñecido até agora.

Recorda: os manteiros non

enganan a ninguén; quen compra sabe que está comprando un produto falsificado; venden na rua o mesmo que todos nos baixamos da internet nos nosos computadores, o mesmo que lle copiamos aos amigos; non se fan ricos con esta actividade, xa que só gañan o xusto para vivir e enviar algunha axuda ás súas familias de orixe.

Esta asombrosa situación, a de que haxa tanta xente na cadea e moita máis a piques de entrar por un «delito» exclusivamente relacionado coa súa situación de pobreza, provocou recentemente unha xornada pola despenalización do «top manta» na que se celebraron concentracións e «topmantas» simbólicas o día 13 de marzo na Coruña, Bilbao, Madrid, Barcelona, Terrassa e Málaga. Non van ser as últimas. Ademais, están en marcha varias campañas polo indulto de varios dos encarcerados.

Congreso de Esperanto en Compostela

cional que hoxe en día está ocupando o inglés como unha imposición cultural e económica nós preferiríamos que o ocupase o esperanto: cunha pronunciación, vocabulario e gramática moi sinxelos, aprende-se con grande rapidez e conta con moitos falantes e unha eficaz rede de contactos en case todo o mundo, especialmente extensa en Europa. Se

tes interese e facer a prova, as dúas páxinas web mencionadas embaixo teñen pequenos cursos para aprender a lingua. Anímate co Esperanto: é fácil, é bonito, e non é dos ricos e poderosos!

Máis información en www.galegio.org (páxina en galego e esperanto) ou www.esperanto.es/hef/ (moi completa, en castelán e esperanto).